

Rendemento medio declarado no IRPF

Resumo de resultados 21/02/2025


ÍNDICE

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización	1
Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización	2
Definicións, fontes e máis información	4

ZDP: Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización

Rendemento medio declarado no IRPF segundo o grao de urbanización. Información para Galicia e provincias. Ano 2022



	2012			
	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	15.455,6	18.357,8	15.051,3	11.306,6
• A Coruña	16.504,2	19.330,0	16.347,9	11.961,8
• Lugo	13.331,1	16.628,0	14.026,3	10.364,0
• Ourense	13.562,1	16.605,0	13.114,8	10.643,7
• Pontevedra	15.583,2	18.276,5	14.149,5	11.644,1

	2022			
	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	19.995	22.955	19.418	15.813
• A Coruña	21.426	24.493	20.976	16.903
• Lugo	17.984	21.194	18.519	14.849
• Ourense	17.568	20.750	16.403	14.669
• Pontevedra	19.676	22.353	18.377	15.486



Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización

Rendemento medio declarado no IRPF segundo o subgrao de urbanización. Galicia

O rendemento medio declarado no IRPF presenta unha relación directa co grao e co subgrao de urbanización, de xeito que crece a medida que aumenta o nivel de urbanización. Así, no ano 2022 o rendemento medio declarado no IRPF varía entre o valor máximo da ZDP (22.954,9 euros) e o mínimo da ZPP baixa (14.642,5 euros).

En canto á evolución temporal, a partir do ano 2015 (2016 no caso da ZPP baixa) o rendemento medio declarado no IRPF comeza a aumentar. A zona na que máis se incrementou o rendemento medio declarado en termos relativos entre 2012 e 2022 foi a ZPP baixa (un 43,4 %). No ano 2022 todas as subzonas experimentaron unha evolución positiva do rendemento medio declarado no IRPF respecto ao ano 2021.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Total	15.455,6	15.586,2	15.615,8	16.328,3	16.800,8	17.373,1	17.474,2	17.959,7	17.803,0	18.629,3	19.995,2
ZDP	18.357,8	18.462,5	18.321,9	19.588,1	19.862,3	20.369,4	20.525,0	21.136,3	20.784,9	21.614,0	22.954,9
ZIP alta	15.294,8	15.409,9	15.495,9	16.083,8	16.685,6	17.203,7	17.278,6	17.724,3	17.556,4	18.360,8	19.747,0
ZIP baixa	14.235,9	14.336,8	14.513,7	15.011,2	15.487,9	16.056,0	16.024,6	16.377,3	16.169,7	17.031,6	18.292,5
ZPP alta	13.343,9	13.476,6	13.580,9	13.915,2	14.480,7	15.141,4	15.228,6	15.677,3	15.569,8	16.510,0	17.884,1
ZPP intermedia	11.395,1	11.570,9	11.806,2	12.025,3	12.537,1	13.211,4	13.258,4	13.529,2	13.430,5	14.399,6	15.676,2
ZPP baixa	10.211,8	10.547,8	10.808,0	10.514,0	11.187,7	11.924,6	12.022,5	12.206,8	12.314,5	13.125,2	14.642,5



Definicións, fontes e máis información

Definicións

Rendemento medio declarado no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF): É o resultado de sumar, en termos xerais, os rendementos reducidos netos do traballo, do capital mobiliario, capital inmobiliario e das actividades económicas do modelo 100 da declaración de IRPF, dividido polo número total de declaración presentadas no exercicio ao que fai referencia a información

Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF): É un tributo de carácter directo e natureza persoal que grava, segundo os principios de igualdade, xeneralidade e progresividade, a renda das persoas físicas de acordo coas súas circunstancias familiares e persoais. Constitúe o obxecto deste imposto a renda do contribuínte, entendida como a totalidade dos seus rendementos, ganancias e perdas patrimoniais, así como as imputacións de renda que se establezan por lei. O IRPF aplícase en todo o territorio español, sen prexuízo das especificidades normativas das que gozan o País Vasco e Navarra en base aos seus réximes tributarios especiais, Canarias, Ceuta e Melilla.

O tipo de gravame do imposto divídese nunha tarifa estatal e outra autonómica. O IRPF está cedido en parte ás comunidades autónomas. O importe da cesión concrétase na recadación resultante da aplicación do tipo autonómico ás rendas producidas nos territorios autonómicos. Ademais, as administracións autonómicas dispoñen de competencias normativas no que se refire ao cálculo da escala autonómica aplicable á base liquidable xeral, o importe dos mínimos persoal e familiar no cálculo do gravame autonómico e as deducións na cota íntegra autonómica.

Descarga de datos

- [Rendemento medio declarado no IRPF segundo o grao de urbanización.](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2003)
- [Rendemento medio declarado no IRPF segundo o subgrao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2003)

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir de información subministrada directamente pola Agencia Estatal de la Administración Tributaria